

**BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
CELEBRADA O DÍA 29 DE SETEMBRO DE 2011.**

Na Casa do Concello de Silleda, sendo as **DOCE HORAS E CUARENTA MINUTOS** do día **VINTENOVE DE SETEMBRO DE DOUS MIL ONCE**, baixo a Presidencia da Sra. Alcaldesa **D^a. PAULA FERNANDEZ PENA**, reúnese a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria, de primeira convocatoria, coa asistencia dos tenentes de Alcalde **D^o MANUEL CUIÑA FERNANDEZ** e **D^o MATÍAS RODRÍGUEZ DA TORRE** e os concelleiros **D^a MARGARITA CAMPOS ESPÍÑO** e **D^o ANTONIO COUSO ÁLVAREZ** a Interventora Municipal **DONA ISABEL PERNAS SANCHEZ** e da Secretaria da Corporación **DONA PAULA MARIA SUAREZ COTELO**.

A Sra. Alcaldesa declara aberta a sesión que se desenvolve conforme á Orde do Día seguinte:

1º.- ESCRITOS E COMUNICACIÓN.-

2º.- CONTRATACIÓN.-

1º.- ESCRITOS E COMUNICACIÓN.-

1.1.- Dase conta da solicitude presentada por D^o José Luis Rodríguez Barreiro, con DNI 76.794.340-P, Rexistro de Entrada n^o 4128 de data 28 de setembro de 2011, en calidade de Presidente da “Asociación Ferial Semana Verde de Galicia”, para que se proceda á inscrición da mencionada asociación no Rexistro Municipal de Asociacións sin ánimo de lucro.

A Xunta de Goberno Local, visto que presentáronse os documentos requeridos no artigo 236 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réximen Xurídico das Corporacións Locais, por unanimidade acorda aprobar a inscrición no Rexistro Municipal de Asociacións do concello de Silleda da “Asociación Ferial Semana Verde de Galicia” de Silleda.

2º.- CONTRATACIÓN.

2.1.- Adecuación e modernización de equipamentos comerciais.

Visto que se considera necesario arranxar as seguintes rúas dos núcleos urbáns de Silleda e A Bandeira: Rúa Morón, Alfonso Trabazo e Braña do Medio no núcleo urbán de Silleda e a rúa Parque no núcleo urbán de Bandeira así como a peatonalización da rúa Cartagena.

Visto o proxecto redactado polo arquitecto técnico José Abel Mato Meijome con data de 9 de setembro de 2011.

Visto que con data de 15 de setembro de 2011 aprobouse o proxecto por acordo da Xunta de Goberno Local e que coa mesma data procedeuse á asinar a acta de replanteo de conformidade co artigo 110 da LCSP.

Visto que pola Xunta de Goberno Local de 22 de setembro se iniciou o expediente de contratación polo procedemento negociado sen publicidade.

Vistos os pregos de cláusulas administrativas e técnicas redactadas polos servizos municipais aprobados pola Xunta de Goberno local de 23 de setembro de 2011.

Visto que foron invitadas tres empresas: Construcciones Fernandez Sarmiento,S.A; Construcciones Sangiao, S.A; Transportes y Maquinaria CP, S.L.

Visto o certificado de Secretaría das ofertas presentadas de data 29 de setembro no que consta que todas presentaron as ofertas en prazo.

Procédese á apertura do sobre A que se corresponde coa documentación administrativa:

- Construcciones Fernandez Sarmiento,S.A. Documentación completa
- Construcciones Sangiao, S.A. Falta acreditación da solvencia económica(cláusula 13.3.A.5ª)
- Transportes y Maquinaria CP, S.L. Documentación completa.

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa delegación de competencias otorgada por resolución de alcaldía de data 4 de xullo de 2011, por unanimidade acorda:

PRIMEIRO. Solicitar a Construcciones Sangiao, S.A. a subsanación da solvencia económica, de conformidade coa cláusula 13.3.A.5ª do prego de cláusulas administrativas particulares.

SEGUNDO. Notificar á empresa o presente acordo e darlle de prazo ata as 14.00 horas do vernes 30 de setembro de 2011 para a presentación da devandita documentación.

3º.- URBANISMO.

3.1.- Actividades Clasificadas.

3.1.1.- Licencia N° 3188/11. Visto o expediente instruído a instancia de Dº JUAN JOSÉ RODRÍGUEZ FILLOY, solicitando licenza para ampliación de granxa avícola, a situar nas fincas

con referencia catastral 36052A047001090000KS, 36052A047001080000KE e 36052A047001070000KJ na parroquia de Siador (Silleda), segundo proxecto técnico asinado polo enxeñeiro técnico agrícola D^a Iria Taboada López, visado polo Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Agrícolas delegación de Pontevedra en data 21 de xullo de 2011, nº 390/II (Po) e dirección de obra, inspección e vixilancia, visado polo Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Agrícolas delegación de Pontevedra en data 21 de xullo de 2011, nº 390/II (Po)

RESULTANDO: Que con data 28 de setembro de 2011 polo Arquitecto Asesor Técnico Municipal emítase informe no que se sinala:

“ANTECEDENTES:

1. *O 26 de xullo de 2011, D. Juan José Rodríguez Filloy presenta solicitude de licenza de obra maior para ampliación de granxa avícola nas parcelas citadas máis arriba. Acompaña a solicitude de proxecto básico e de execución citado máis arriba.*
2. *Consultado o Arquivo Municipal, con relación a esta granxa, constan o seguinte expediente:*
 1. *Acordo da Xunta de Goberno Local de data quince de xullo de 2004, na que se acorda, entre outros, recoñecer a explotación constituída por un almacén de 246,07 m², edificación destinada a nave avícola, de 1440,00 m², fosa de cadáveres, de 25m²0 m² e edificación destinada a silos, con unha superficie de 6,28 m². Segundo se recolle no acordo, tódalas parcelas ubícanse na parcela con r.c. 36052A047001090000KS.*

INFORME TÉCNICO

A documentación está completa.

3. *O solo onde se pretende a actividade encóntrase clasificado no Plan Xeral de Ordenación Municipal de Silleda, aprobado definitivamente o 4 de xuño de 1981, e pola Disposición Transitoria Primeira da Lei 9/2002, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, coas sucesivas modificacións, como Solo rústico.*
4. *Segundo a disposición Transitoria Décimo primeira da Lei 9/2002 de Ordenación Urbanística e Protección do Medio rural de Galicia e posteriores modificacións, (...)*
 2. *Así mesmo, poderá permitirse, lago da obtención de licenza urbanística municipal, a ampliación das construcións destinadas á explotación ou ao apoio á actividade agropecuaria, mesmo en volume independente, cumprindo as condicións de edificación establecidas no artigo 42 desta lei e no planeamento*

urbanístico vixente, excepto no que se retire ás condicións de parcela mínima edificable, recuamentos, ocupación e volume máximos, distancias mínimas a vivendas e a asentamentos de poboación. (...)

En todo caso, deberá manterse o estado natural do terreo, ou con plantación de arboredo ou especies vexetais, como mínimo, nun terzo da superficie da parcela.

5. *Con respecto á avaliación ambiental das obras, a xuízo do técnico que subscribe, esta actividade está exenta sa súa tramitación, posta que se engloba dentro do disposto na DA segunda do Decreto 133/2008 polo que se regula a Avaliación de Incidencia Ambiental, ao non tratarse de "modificación sustancial" definida no artigo 3 do mesmo decreto, casos que se recollen a continuación:*

- a) Un incremento superior ao 50% da capacidade produtiva da instalación.*
- b) Un incremento superior ao 50% das materias primas empregadas no proceso produtivo.*
- c) Un incremento do consumo de auga ou enerxía superior ao 50%.*
- d) Un incremento superior ao 25% das emisións de contaminantes atmosféricos ou a implantación de novos focos de emisión catalogados.*
- e) Un incremento superior ao 50% da vertedura de augas residuais.*
- f) A produción de residuos perigosos ou o incremento do 25 % do seu volume no caso de estar inicialmente previstos.*
- g) O incremento nun 25% dalgún ou da suma do total de contaminantes emitidos.*
- h) A incorporación ao sistema de produción ou o seu aumento por enriba do 25% de substancias perigosas, reguladas poio Real decreto 1254/1999, do 16 de xullo, polo que se establecen medidas de control dos riscos inherentes aos accidentes graves nos que interveñan substancias perigosas.*

A superficie de granxa recoñecida no ano 2004, segundo o documento citado no nº 2.1, era de 1440 m². A superficie da ampliación, segundo plano nº 3, "Situación inicial", é de 60 x 12 m², en total 720 m², có que non se produce un incremento superior ao indicado no punto 3.a do decreto citado.

*Polo que o técnico que subscribe considera que o anteproxecto presentado non contradí a Normativa urbanística autonómica e municipal, polo que se **INFORMA FAVORABLEMENTE** a solicitude, de cara á concesión de licenza municipal de obra e provisional de actividade."*

RESULTANDO: Que o lugar de emprazamento non está en contradición coas Ordenanzas e acordos municipais sobre o particular.

CONSIDERANDO: Que na tramitación deste expediente observáronse as prescricións legais.

De acordo coas atribucións delegadas pola Alcaldía por resolución de 4 de xullo de 2011, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda a concesión da **licencia de obra solicitada, e a licencia provisional de actividade**, CONDICIONADA esta última ó cumprimento das observacións e medidas correctoras que no seu informe, sinala o Arquitecto Asesor Técnico Municipal, non podendo comenazar a exercerse a mencionada actividade ata tanto non se conceda a licencia definitiva de actividade, para o que será indispensable que se teña levantado acta de comprobación, que o interesado deberá solicitar a este Concello, a cal terá que ser favorable, achegando á petición certificado do técnico director das obras ou instalacións no que se especifique a conformidade das mesmas cos términos desta licencia; debendo ingresarse, previamente, nas arcas municipais a cantidade a que ascendan as taxas regulamentarias, según liquidación que practicará a Intervención municipal.

3.1.2.- Licencia Nº 585/10. Visto o expediente instruído a instancia de D^a María Concepción Núñez en representación de EDUCA DEZA, S.C. e D^o Carlos Cochón Núñez, en representación da ASOCIACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO SOCIAL DA COMARCA DO DEZA, solicitando licencia de actividade de local para oficina de servizos a situar na Avda. do Parque, nº 32 baixo (Centro comercial Parque 32), segundo proxecto asinado polo arquitecto técnico D^o Oscar Botana Pérez, visado polo Colexio Oficial de Aparelladores e Arquitectos Técnicos de Pontevedra en data 03 de febreiro de 2010.

RESULTANDO: Que con data 27 de setembro de 2011 polo Arquitecto Asesor Técnico Municipal emítase informe no que se sinala:

“ANTECEDENTES

- 1. O 9 de Febreiro de 2009, R.E. 585, dona María Concepción Cochón Núñez, en representación de EDUCA DEZA, S.C. e Carlos Cochón Núñez, en representación da ASOCIACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO SOCIAL DA COMARCA DO DEZA, presentan solicitude de licencia municipal de actividade para oficina de servizos. Acompaña a solicitude de proxecto de actividade asinado polo Arquitecto Técnico Oscar Botana Pérez, col. nº PA522, visado polo Colexio Oficial de Aparelladores e Arquitectos Técnicos de Pontevedra o día 3 de febreiro de 2010.*
- 2. O 20 de xullo de 2011, R.E. 3143 os promotores aportan relación de lindeiros do local. Procédese á exposición pública do expediente por un período de vinte días, da que consta certificado de data seis de setembro de 2011 da secretaría xeral do concello de Silleda de non terense producido alegacións nese período.*
- 3. O día 11 de agosto de 2011, R.E. 3380, dona Isabel Ferreiro González solicita certificación de que o proceso segue os trámites e cauces propios da entidade, non tendo sido requirida documentación algunha posterior por parte do consistorio.*
- 4. O 23 de agosto de 2011, o Arquitecto Técnico municipal emite informe relacionado co expediente de referencia, polo que se require ao promotor que subsane as deficiencias*

encontradas, en concreto no tocante aos aseos do local que solicita licencia, por canto na documentación obrante no Concello no expediente de conetrución do edificio onde se albergan as galerías, non consta información algunha que contraste a existencia de aseos comúns nas mesmas, que serven ao devandito local así como ao resto de galerías e zonas comúns.

5. *O 15 de setembro de 2011, a propiedade aporta plano de semisoto do edificio, datado en febreiro de 1998, sen visar, no que se aprecia a ubicación dos aseos nesta planta.*

INFORME TÉCNICO

6. *A documentación está completa.*
7. *O solo onde se pretende a actividade encóntrase clasificado no Plan Xeral de Ordenación Municipal de Silleda, aprobado definitivamente o 4 de xuño de 1981, como Solo Urbano, Edificación Cerrada.*
8. *O uso que se pretende, local para oficina de servizos, é compatible con este tipo de solo, segundo o PXOM: “uso público: Todos los grados.”*
9. *O Decreto 133/2008, do 12 de xuño, polo que se regula a avaliación de incidencia ambiental, foi publicado no D.O.G. o día 1 de xullo de 2008, entrando en vigor aos 20 días. A actividade que solicita licencia encadra no apartado 4.5 do ANEXO III “Actividades excluídas do procedemento de avaliación de incidencia ambiental” (4.5. Despachos profesionais, xestorías, oficinas e similares.). Non parece posible encadrala no ANEXO II “Criterios para determinar o sometemento ou non ao procedemento de avaliación de incidencia ambiental das actividades sinaladas no artigo 2, punto 2”. Polo tanto, considérase que a actividade está EXCLUÍDA do procedemento de avaliación ambiental.*
10. *O proxecto cumpre cós preceptos da Lei 8/1997 de Accesibilidade e Supresión de Barreiras, así como có Decreto 35/2000, do 28 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento e execución da Lei de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia.*
11. *O local proxectado, segundo se indica no proxecto, contará cós servizos públicos das galerías comerciais nas que se encrava. Canto estes últimos, o seu número non é conforme có indicado no art. 202 do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Silleda, aprobado definitivamente o 4 de xuño de 1981, sen perxuízo de que se vén desenvolvendo actividade comercial destas galerías desde fai máis de dez anos. Porén, ao tratarse dunha actividade e polo tanto, de licencias son de tracto sucesivo, polo que non se consideran prescritas as presuntas irregularidades citadas.*

Por todo o exposto, o técnico que subscribe considera que o proxecto presentado non

contradí a Normativa urbanística autonómica e municipal, no que se refire ao interior da oficina que se pretende; sen perxuízo de que, canto ás áreas comúns das galerías nas que se ubica, e das que se serve nas súas instalacións comúns, non consta que haxa xustificación algunha do cumprimento das características de accesibilidade, protección de incendios e número de aseos segundo a normativa municipal.

Polo que se INFORMA DESFAVORABLEMENTE a solicitude de cara á concesión de licenza municipal de obra e provisional de actividade, segundo o indicado nos parágrafos anteriores.”

Visto que o citado informe considera que “o proxecto presentado non contradí a Normativa urbanística autonómica e municipal, no que se refire ao interior da oficina que se pretende”.

Tendo en conta a advertencia da Secretaria municipal da inexistencia de informe xurídico preceptivo en toda clase de licenzas, de conformidade co artigo 195.2 da Lei de Ordenación Urbanística 9/2002, de 30 de decembro, e que non existe posibilidade legal de otorgar licenzas condicionadas.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e de conformidade coa delegación de competencias conferida por resolución da alcaldía de 04 de xullo de 2011, acorda:

1º.- Outorgar licenza de actividade provisional de local para oficina de servizos a situar na Avda. do Parque, nº 32 baixo (Centro comercial Parque 32).

2º.- Condicionar este outorgamento que na licenza definitiva se xustifiquen axeitadamente as áreas comúns das galerías nas que se ubica.

3º.- Notificar o presente acordo aos interesados.

3.1.3.- Licencia Nº 3187/11. Visto o expediente instruído a instancia de Dº PEDRO CONDE MIGUELEZ, solicitando Licencia para construción dunha fosa de xurro a situar na finca con referencia catastral 36052A042002350000KW no lugar de As Ferreiras (Silleda), segundo proxecto asinado polo enxeñeiro técnico agrícola Dª Iria Taboada López, visado polo Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Agrícolas delegación de Pontevedra en data 21 de xullo de 2011, nº 391/II (Po) e dirección de obra, inspección e vixiancia, visado polo Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Agrícolas delegación de Pontevedra en data 21 de xullo de 2011, nº 391/II (Po)

RESULTANDO: Que con data 28 de setembro de 2011 polo Arquitecto Asesor Técnico Municipal emítase informe no que se sinala:

“ANTECEDENTES:

1. *O 12 de maio de 2011, D. Pedro Conde Miguélez presenta solicitude de licencia de obra menor para construción de galpón destinado a oficina e aseo anexo á explotación porcina situada na parcela con r.c. 36052A042002350000KW. A parcela onde pretende a execución das obras é contigua á parcela onde se ubica a ampliación da granxa de porcino, parcela con r.c. 36052A042002300000KE.*
2. *O 26 de xullo de 2011, D. Pedro Conde Miguélez presenta solicitude de licencia de obra maior para construción de fosa de xurro na mesma parcela que o galpón citado no punto 1. Acompaña a solicitude de proxecto básico e de execución citado máis arriba.*
3. *Consultado o Arquivo Municipal, con relación a esta granxa, constan os seguintes expedientes:*
 1. *Solicitude de D. José Vila Balo e D. Antolín Conde Castro de licencia municipal para granxa de porcino, a situar na parcela de r.c. 36052A042002420000KG. Visto os documentos que conforman dito expediente, despréndese que en data 15 de Maio de 1975 foi concedida LICENCIA PROVISIONAL. Non consta, salvo erro ou omisión involuntaria, documentación acreditativa do fin de obra nin informe de visita de comprobación, polo que o trámite de concesión de licencia, a xuízo do técnico que subscribe non se considera válido ao non constar a resolución da licencia definitiva da actividade.*
 2. *Solicitude de D. José Vila Balo e D. Antolín Conde Castro de licencia municipal para ampliación de granxa de porcino, a situar na parcela de r.c. 36052A042002300000KE. Vistos o expediente, consta decreto de alcaldía de data 21 de marzo de 1980, de Acordo de concesión de licencia provisional, advertíndolle na mesma ao interesado, que non poderá comezar a exercer a actividade ata que non se conceda a licencia definitiva, suxeita ao resultado da visita de comprobación dos funcionarios técnicos correspondentes (...). Non se atopa, salvo erro ou omisión involuntarios, ningún outro documento posterior na tramitación deste expediente.*
 3. *Non consta, salvo erro ou omisión involuntarios, solicitude algunha posterior de legalización ao abeiro da Disposición transitoria Décimo Primeira da Lei 9/2002 o Solo de Galicia, coas posteriores modificacións.*
4. *Por tanto, a xuízo do técnico que subscribe, a granxa que se pretende ampliar non conta con licencia municipal. Porén, son compatibles có ordenamento autonómico e municipal, e susceptibles de seren legalizables, sempre e cando se dé cumprimento ás medidas correctoras que establece a normativa vixente. Para este tipo de edificacións, a Lei 9/2002, no seu artigo 210, establece:*

Artigo 210. Obras terminadas sen licencia.

1. *De estaren rematadas as obras sen licencia, ou incumprindo as condicións sinaladas nela ou na orde de execución, o alcalde ou a alcaldesa, dentro do prazo de seis anos, contado desde a total terminación das obras, incoará expediente de reposición da legalidade, procedendo segundo o disposto nos números 3, 4, 5, 6 e 7 do artigo anterior.
Tomarase como data de terminación das obras a que resulte da súa efectiva comprobación pola administración actuante, sen prexuízo da súa acreditación por calquera outro medio de proba válido en dereito.*
2. *Transcorrido o prazo de seis anos sen que se adoptasen as medidas de restauración da legalidade urbanística, quedarán incursas na situación de fóra de ordenación e suxeitas ao réxime previsto no artigo 103º desta lei.*
5. *No caso de que, na finalización do citado expediente, se conclúa que as obras foron executadas hai menos de seis anos na súa conformación actual e, dacordo có artigo 209.2.b, fosen efectivamente legalizables, a lei prevé a súa ampliación e por tanto, esta solicitude sería viable.*

Polo que se INFORMA DESFAVORABLEMENTE a solicitude, e proponse a incoación de expediente de reposición da legalidade, segundo o indicado na Lei 9/2002 citada anteriormente. De seren finalmente legalizables as obras da granxa de porcino inicial, non habería inconveniente para a autorización da fosa de xurro obxecto deste informe.”.

Visto que o citado informe despréndese que na tramitación das licenzas das naves non se completou neste expediente a tramitación de licenza definitiva “salvo erro ou omisión involuntaria”.

Tendo en conta a advertencia da Secretaria municipal da inexistencia de informe xurídico preceptivo en toda clase de licenzas, de conformidade co artigo 195.2 da Lei de Ordenación Urbanística 9/2002, de 30 de decembro, e que non existe posibilidade legal de otorgar licenzas condicionadas, polo que en primeiro lugar habería que legalizar a situación da nave orixinal.

Visto que queda acreditado que os propietarios sí pagaron as taxas correspondentes en data 26 de maio de 1975 e 31 de marzo de 1980.

Visto que foi o Concello de Silleda o que non continuou cos trámites oportunos.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e de conformidade coa delegación de competencias conferida por resolución da alcaldía de 04 de xullo de 2011, acorda:

1º.- Otorgar licenza de obra para a construción de unha foxa de xurro na finca con referencia catastral 36052A042002350000KW no lugar de As Ferreiras (Silleda).

2º.- Condicionar esta licenza a que pola propiedade remate o proceso de tramitación de licenza da nave orixinal.

3º.- Notificar o presente acordo aos interesados.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Sra. Presidenta levántase a sesión as catorce horas e cinco minutos, extendéndose a presente acta, do que como Secretaria, dou fe.

A ALCALDESA,

A SECRETARIA,